

RESOLUCIÓN DO 8 DE NOVEMBRO DE 2023 AUTORIZANDO ACTIVIDADES SUCEPTIBLES DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS.

Visto o acordo do 31 de outubro de 2023 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría RESOLVE:

Primeiro: Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas que se relacionan no Anexo I.

Segundo: Autorizar a modificación na actividade “Emprendendo con Perspectiva de Xénero”, aprobada na resolución do 20 de febreiro de 2023, que se indica no anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor
Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)
Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
(asinada dixitalmente)
Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
Deseño e fabricación de satélites e tarefas formativas e de divulgación no sector espacial	Asociación Estudiantil UVIGO SpaceLab	Diz Folgar Manuel	Do 01/09/2021 ao 01/09/2022	31/10/2023	Colaboradores: 62	Colaboradores: 2,1
					Coordinadores: 23	Coordinadores: 4,1
Axenda 2030. Axentes do cambio	Área de Equidade e Diversidade	Quintas Salgado Henar	Do 10/10/2023 ao 06/11/2023	31/10/2023	30	1
Aula de teatro	Vicerreitoría Campus Pontevedra	Torres Vázquez Luis	Do 16/10/2023 ao 18/12/2023	31/10/2023	51	1,7
Xornada de Multilingüismo	Departamento de Filoloxía Galega e Latina	Rodríguez Guerra Alexandre	O 15/12/2023	31/10/2023	6	0,2
Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil “A dramatización na formación da identidade lectora”	Facultade de Educación e Traballo Social	Mociño González María Isabel	Do 25/10/2023 ao 15/11/2023	31/10/2023	15	0,5
Intervención Socioeducativa para Persoas con Alzhéimer	Facultade de Educación e Traballo Social	Dapía Conde María Dolores	Do 12/01/2024 ao 05/04/2024	31/10/2023	60	2
Centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023): Un Longo Camiño por Percorrer	Facultade de Educación e Traballo Social	Constenla Vega Xosé	Do 20/10/2023 ao 17/11/2023	31/10/2023	30	1
Jean Monnet: O Pacto Verde Europeo. Análise e perspectivas	Departamento de Dereito Público	Movilla Pateiro Laura	Do 23/02/2024 ao o 03/05/2024	31/10/2023	40	1,3

ANEXO II

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Resolución Reitoral na que foi autorizada esta actividade	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	MODIFICACIÓN: Datas de celebración	Horas	Créditos recoñecidos
Emprendendo con Perspectiva de Xénero	AC2300011	20/02/2023	Centro de Investigacións CINBIO	Montes Lourido, María del Pilar	26/10/2023	5,5	0,2

CSV : GEN-e7dc-8f27-a095-32ce-4963-9efc-cf79-e227

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 08/11/2023 09:45 | NOTAS : F

